



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E O CONCELLO DE MEAÑO DE CARA A INSTRUMENTAR A COLABORACIÓN PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES E ATENCIÓN A PERSOAS EN SITUACIÓN DE DEPENDENCIA, DE PREVENCIÓN DA SITUACIÓN DE DEPENDENCIA E DO AGRAVAMENTO DESTA, ASÍ COMO DA PROMOCIÓN DA AUTONOMÍA PERSOAL.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A directora xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade, (P.A. disposición adicional 1ª do Decreto 176/2015, do 3 de decembro) a directora xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica

DECLARA:

Que esta Consellería de Política Social ten previsto formalizar co Concello de Meaño o instrumento convencional arriba referido. O presente convenio estenderá os seus efectos dende a súa formalización e terá vixencia ata o 10 de decembro de 2018. Non obstante, as accións englobadas no presente convenio dende o 1 de xaneiro de 2018 tamén poderán ser subvencionadas ao seu abeiro coa achega da Consellería de Política Social.

Que o instrumento convencional ten por obxecto contribuír ao financiamento por parte da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia das actuacións que o Concello de Meaño ten previsto desenvolver durante o ano 2018, de cara á realización de programas e actividades dirixidos á atención de persoas en situación de dependencia, de prevención da situación de dependencia e do agravamento desta, así como de promoción da autonomía persoal das persoas maiores residentes nese concello, mediante unha concesión de forma directa en base aos artigos 19.4,c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento.

As actividades que reúne o convenio son:

- Actividades específicas da Auxiliar de Clínica
- Actividades específicas da Auxiliar de Transporte Asistencial
- Actividades realizadas polo técnico en animación sociocultural: Obradoiro de memoria.
- Actividades realizadas no centro sociocultural polivalente. Programa Concilia: Estimulación cognitiva.
- Actividades realizadas pola fisioterapeuta

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.





Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

Segundo o Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia, e no Decreto 176/2015, de 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social, a Consellería de Política Social é o órgano da Xunta de Galicia ao que lle corresponde, de conformidade co Estatuto de autonomía de Galicia e coa Constitución Española, propoñer e executar as directrices xerais do goberno no ámbito do benestar, que engloban, entre outras as competencias en materia de servizos sociais, incluíndo as políticas de familia, menores, benestar social, inclusión social, servizos comunitarios, atención aos discapacitados e ás persoas maiores, a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia.

Con carácter específico, corresponden, entre outras, á Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade, a elaboración das propostas para a formulación das políticas dirixidas ás persoas maiores e persoas con discapacidade da Consellería de Política Social en aplicación da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia e da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia. En particular, ten encomendadas as funcións relativas ao fomento e á promoción de actuacións e medidas favorecedoras da plena participación das persoas maiores e persoas con discapacidade na sociedade e da mellora da súa calidade de vida, así como todas aquelas accións que faciliten a súa promoción, integración social e participación activa.

De conformidade co previsto na Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, e na lexislación de aplicación sobre réxime local, corresponden aos concellos, no marco da planificación e ordenación xeneral do sistema galego de servizos sociais, as seguintes competencias:

- a. A creación, xestión e mantemento dos servizos sociais comunitarios básicos.
- b. A creación, xestión e mantemento dos servizos sociais comunitarios específicos, sen prexuízo do establecido no artigo 59, punto i, da Lei 13/2008, do 3 de decembro.
- c. A colaboración no fomento dos servizos sociais prestados por entidades de iniciativa social, así como a promoción de mecanismos de coordinación das actuacións realizadas polas mesmas, evitando no posible a duplicidade e infrautilización dos equipamentos sociais.
- d. A promoción e realización de estudos e investigacións sobre a problemática dos servizos sociais no ámbito local e a divulgación dos resultados obtidos nos mesmos.
- e. A detección e análise das necesidades e da problemática social existente no seu ámbito territorial.
- f. A elaboración de plans e programas de servizos sociais no seu ámbito territorial, de conformidade coo previsto no artigo 48 da Lei 13/2008, do 3 de decembro.





- g. A participación, como entidade colaboradora, na xestión das prestacións económicas e, no seu caso, nas subvencións concedidas pola Xunta de Galicia, nos termos legalmente establecidos.
- h. O fomento e promoción da solidariedade e da participación da sociedade civil na prevención e intervención social no ámbito local.
- i. A creación, regulación e impulso de mecanismos de participación local no ámbito dos servizos sociais.
- j. A coordinación dos servizos sociais cos restantes servizos municipais e das restantes administracións no desenvolvemento dos plans e programas de intervención comunitaria, facilitando a participación das entidades sociais e a implicación da cidadanía no proceso.
- k. Cantas outras lles estean atribuídas ou lles sexan delegadas, de acordo coa lexislación vixente

Estas competencias exerceranse polos concellos, por si mesmos ou asociados, ou a través das fórmulas de colaboración interadministrativa, a fin de alcanzar unha maior eficacia e rendibilidade social dos recursos dispoñibles.

Para a mellor atención das necesidades sociais do seu ámbito territorial, e unha vez garantida a prestación dos servizos sociais comunitarios básicos e demais competencias enumeradas no artigo 60 da Lei 13/2008, os concellos de Galicia poden crear, xestionar e manter servizos sociais especializados, en coordinación coa Xunta de Galicia e de acordo co catálogo de servizos sociais e a planificación correspondente.

A Xunta de Galicia promoverá unha efectiva coordinación e cooperación cos concellos a fin de asegurar a calidade e unha cobertura equilibrada dos servizos sociais en todo o territorio, especialmente no que atinxe á creación e mantemento de servizos sociais comunitarios específicos.

O carácter singular deste convenio en base ás razóns que acreditan o interese social do mesmo, radican no análise das circunstancias demográficas deste concello, da cobertura de servizos sociais públicos actuais e da estimación da poboación maior dependente que demandará un servizo asistencial. Así o Concello de Meaño actualmente conta con 5.365 habitantes, dos cales 1.263 son persoas maiores de 65 anos (23,5% da poboación), contando coa cobertura de 20 prazas de vivendas comunitarias públicas (persoas con autonomía e graos I). Dos estudos realizados se estima que, nos vindeiros anos, 115 persoas estarán en situación de dependencia a causa de demencia e demandarán, por tanto, algún tipo de servizo asistencial desvelando a necesidade da creación de prazas de atención residencial no ano 2020 con obxecto de poder satisfacer a demanda futura de atención residencial. Polo tanto tendo en conta as circunstancias particulares deste concello, a súa situación xeográfica na Área Xeográfica de Pontevedra, na que a prevalencia de demencia é dun 10,31 % por cada persoa maior de 65 anos e cunha





cobertura de atención residencial dun 1,72% e a que a situación económica actual non posibilita a cobertura das prazas de atención necesaria segundo os estudos técnicos, artículase este convenio de colaboración de cara a fomentar a realización de programas e actividades dirixidos á atención de persoas en situación de dependencia, de prevención da situación de dependencia e do agravamento desta, así como de promoción da autonomía persoal das persoas maiores residentes nese concello e co obxectivo de mitigar no futuro as necesidades de atención residencial que se estiman. Todo elo xustifica a dificultade da súa convocatoria pública e o seu carácter singular.

En relación ás razóns que motivan a concesión de forma directa desta subvención debido á dificultade da súa convocatoria pública, en base aos artigos 19.4,c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento, radica na particularidade e exclusividade da entidade que desenvolve estes programas que é o Concello de Meaño. Así o artigo 64 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, prevé que a Xunta de Galicia promoverá unha efectiva coordinación e cooperación cos concellos a fin de asegurar a calidade e unha cobertura equilibrada dos servizos sociais en todo o territorio, especialmente no que atinxe á creación e mantemento de servizos sociais comunitarios específicos.

Os servizos sociais comunitarios específicos, competencia das entidades locais, desenvolverán programas e xestionarán centros orientados a colectivos con problemáticas identificadas e singulares, procurando a súa normalización e reincorporación social ou como espazo de tránsito a un servizo especializado. Sen prexuízo da súa dedicación a colectivos con problemáticas concretas, os servizos sociais comunitarios específicos actuarán, en tanto que servizos de proximidade, na contorna vital das persoas destinatarias, favorecendo o mantemento dos seus vínculos familiares e comunitarios, a súa autonomía e calidade de vida (art. 25 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento).

Os programas e actividades previstas neste convenio teñen encaixe entre as funcións propias dos servizos sociais comunitarios específicos tal que:

- A atención de persoas maiores en equipamentos e servizos que faciliten a súa socialización activa, a prevención da dependencia e promoción da autonomía persoal.
- A xestión doutros equipamentos sociais non residenciais destinados ao desenvolvemento de programas para sectores da poboación con necesidades sociais diferenciadas que posibiliten o logro dos obxectivos do sistema galego de servizos sociais.





Polo tanto á dificultade da súa convocatoria pública radica que, en tanto que servizos de proximidade que deberán de actuar na contorna vital das persoas destinatarias, favorecendo o mantemento dos seus vínculos familiares e comunitarios, a súa autonomía e calidade de vida, deben de ser prestados pola entidade local competente, neste caso o Consello de Meaño, e a colaboración da Xunta de Galicia neste aspecto se basea na propia Lei de servizos sociais de Galicia que incide especificamente na cooperación cos concellos a fin de asegurar a calidade e unha cobertura equilibrada dos servizos sociais en todo o territorio, especialmente no que atinxe á creación e mantemento de servizos sociais comunitarios específicos.

Que ambas as dúas partes consideran de mutuo interese para o cumprimento das súas respectivas funcións establecer fórmulas de colaboración de cara á elaboración de accións ou programas conxuntos no eido da atención ás persoas maiores, especialmente na atención á dependencia, no fomento da autonomía persoal, na prevención da situación de dependencia e no agravamento desta.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público. Así mesmo estase o cumprir as condicións establecidas no artigo 6.1. da Lei 9/2017

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asino esta memoria en Santiago de Compostela a vinte e dous de agosto do dezaioito

